

# 1, 2, 3, o Museo en test



**Museo do Pobo Galego**

<b>Introdución.....</b>	<b>1</b>
<b>Xustificación da actividade.....</b>	<b>1</b>
<b>Obxectivos.....</b>	<b>1</b>
<b>Contidos.....</b>	<b>2</b>
<b>Competencias.....</b>	<b>2</b>
<b>Metodoloxía.....</b>	<b>3</b>
<b>Actividade.....</b>	<b>4</b>
➤ <b>En que consiste.....</b>	<b>4</b>
➤ <b>A quen se dirixe.....</b>	<b>4</b>
➤ <b>Temporalización.....</b>	<b>4</b>
➤ <b>Cómo se levará a cabo?.....</b>	<b>4</b>
<b>Avaliación da actividade.....</b>	<b>5</b>
<b>Anexos</b>	

### ➤ **Introdución**

*1,2,3, o Museo en test* é un **xogo tipo test** que se desenvolve no Museo do Pobo Galego pretendendo que por medio da búsqueda os rapaces e rapazas de 3º,4º, 5º e 6º de Educación Primaria se acheguen e familiaricen co patrimonio e cultura que nos envolve a todos e a todas, a galega.

O presente xogo consistirá en que os nenos e nenas sexan capaces de darlle solución ás distintas preguntas que se lle formulan, e para poder contestalas terán que buscar as respostas por grupos polas distintas seccións que conforman o Museo.

### ➤ **Xustificación da actividade**

Consideramos importante o achegamento á cultura, costumes e o patrimonio de Galicia dos mais novos e novas como parte da construción da súa identidade na que é importante recoñecerse como parte dunha comunidade con cultura propia e con historia. Este coñecemento é interesante tamén como ferramenta para que poidan reflexionar sobre o valor da herdanza cultural e da tradición e sobre os criterios polos que conservamos, readaptamos ou rexeitamos as nosas costumes e as de outros pobos.

Coa realización da actividade que ten por nome *1,2,3, o Museo en test* e tendo como recurso fundamental o Museo do Pobo Galego, temos o propósito de que os rapaces e rapazas de Educación Primaria teñan un achegamento primeiro e sinxelo a unha parte da cultura e da historia da sociedade galega que xa se lles vai quedando lonxe.

Ademais, por medio desta actividade, vanse a traballar competencias que consideramos que son fundamentais para a súa aprendizaxe como por exemplo a capacidade de observar e analizar o que están vendo, potenciar o traballo en equipo onde se incentiva un diálogo conxunto para solucionar os problemas que lle afectan, que sexan capaces de construír a súa propia aprendizaxe a partir do que observan no museo e que empreguen a lingua galega á vez que van aprendendo un vocabulario novo.

### ➤ **Obxectivos**

Con esta actividade, pretenderase conseguir unha serie de obxectivos específicos encamiñados a que os rapaces e rapazas se familiaricen co que se van atopando ao longo da súa visita no Museo, sendo polo tanto os obxectivos os seguintes:

- Potenciar as habilidades de observación, comunicación e o traballo en equipo.
- Potenciar o uso da lingua galega.
- Ser capaces de valorar e apreciar as distintas manifestacións artísticas e culturais así como comprender a orixe e evolución da realidade na que vivimos na actualidade.
- Lograr que os rapaces e rapazas sexan capaces de construír as súas propias teorías e coñecementos a partir do que aprenden no museo.

➤ **Contidos**

Coa realización desta actividade vanse a traballar unha serie de contidos conceptuais que van a ser os seguintes.

- Ser capaces de entender por medio desta actividade o concepto de patrimonio cultural a través de elementos de tipo etnográfico presentes na colección do Museo do Pobo Galego.
- Traballar con esta actividade as costumes da nosa sociedade, os distintos tipos de oficios, a tipoloxía de arquitectura de Galicia, os distintos tipos de familia dos instrumentos populares de Galicia, aprender distintos conceptos procedentes do mar e do campo e coñecer os personaxes ilustres de Galicia.

➤ **Competencias**

As competencias que se pretenderán traballar por medio desta actividade son as que se citan no cadro seguinte:

Competencias	Descritores
<b>Competencia de observación</b>	<p>Ser capaces de observar minuciosamente os elementos e contidos que os rodean.</p> <p>Traballar a fondo a actitude de observación e análise considerándoo como unha habilidade necesaria para a súa aprendizaxe.</p>
<b>Competencia de comunicación e traballo en equipo</b>	<p>Acostumarse a manter unha comunicación continua cos compañeiros e compañeiras para discutir e resolver entre todos e todas os problemas que lles afectan.</p> <p>Darse de conta que grazas a un traballo conxunto e coordinado, os problemas se solucionan dun xeito moito máis doado.</p>

<b>Coñecemento e achegamento ao medio social que os rodea</b>	<p>Realizar unha análise detallada do físico que os envolve</p> <p>Familiarizarse con todos aqueles elementos e contidos que os rodea</p> <p>Comprender a orixe e evolución da realidade que nos está a rodear na actualidade</p> <p>Apreciar e valorar as distintas manifestacións culturais e artísticas</p>
<b>Competencia lingüística</b>	<p>Desenvolverse con soltura na súa lingua para poder dar resposta aos problemas aos que lles teñen que dar unha solución</p>
<b>Competencia de aprender a aprender</b>	<p>Lograr que os rapaces e rapazas sexan capaces de construír a súa propia aprendizaxe a partir do que descubren ao longo da súa visita no museo.</p>

➤ **Metodoloxía**

A metodoloxía que se vai a empregar, como dixemos con anterioridade será o do traballo en equipo cunha actitude activa e de interese, no cal os rapaces e rapazas se teñen que dividir en grupos e tratar de darlle resposta ás distintas preguntas que se lles está formulando.

Como os nenos e nenas teñen que moverse polas distintas seccións do Museo, váiselles a repartir un plano para que poidan orientarse e desta forma evitar que se perdan.

En todo momento estarán acompañados e acompañadas polo persoal docente que será responsable de explicar a actividade e a quen acudirán no caso de que teñan algunha dúbida.

Polo tanto, a actividade vaise a dividir nas seguintes partes:

- 1º. Formación dos grupos.
- 2º. Explicación da actividade.
- 3º. Desenvolvemento da mesa ( uns 40/45m).
- 4º. Reflexión final.

## ➤ **Actividade**

### ❖ **En que consiste?**

A presente actividade, tal e como se mencionou anteriormente, é un **xogo tipo test** que consistirá en resolver en grupos un cuestionario percorrendo e observando o Museo para poder dar resposta ás preguntas que se formulan (Anexo I)

### ❖ **A quen se dirixe?**

Os destinatarios e destinatarias da actividade *1,2,3 o Museo en test* como ben se dixo con anterioridade, serán os alumnos e alumnas que estean a cursar 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

### ❖ **Temporalización**

A presente actividade ten unha duración de entre 70-90 m. dependendo do tempo que os e as docentes empreguen na fase de explicación previa e de reflexión.

### ❖ **Como se levará a cabo?**

A presente actividade será levada a cabo no Museo nas distintas seccións que os conforman, tendo a actividade as seguintes partes:

1. Primeiramente é recomendable unha breve explicación tanto dos contidos presentes no Museo como das seccións/salas nas que se divide para que deste xeito os alumnos e alumnas se familiaricen con el e poidan realizar a actividade da mellor maneira posible.
2. Despois desta breve explicación, o grupo dividirase noutros máis pequenos levando un exemplar do test. Para que os grupos non se copien e se sigan entre si, hai tres exemplares diferentes, de xeito que uns grupos comezarán pola planta baixa, outros polo entrechán e outros pola primeira planta. Os grupos estarán supervisados por un profesor ou profesora.
3. Unha vez rematada a actividade, recoméndase unha breve reflexión dos contidos e elementos do Museo que foron descubrindo ao longo do seu percorrido.
4. Para finalizar, pódese pedir que cada alumno e alumna reflicta as súas impresións no Museo e posteriormente comentalo (actividade para realizar nas aulas do seus respectivos colexios).

➤ **Avaliación da actividade**

Os e as docentes teñen ferramentas para avaliar estas actividades como parte do seu labor cotiá. Desde o DEAC gustaríanos recibir as vosas impresións observando aspectos tales como a receptividade e interese dos alumnos e alumnas ao realizar o presente xogo, a opinión dos profesores e profesoras respecto á realización deste tipo de actividades, avaliación do transcurso da actividade e comprobar se foron conseguidos os obxectivos das actividades (Anexo II).

As vosa avaliacións son fundamentais para mellorar.

O correo electrónico ao que podedes dirixirvos é [deac@museodopobo.gal](mailto:deac@museodopobo.gal)





## **ANEXOS**

### **ANEXO I**

**Exemplares para 3º e 4º de primaria**

**Exemplares para 5º e 6º de primaria**

### **ANEXO II**

**Avaliación da actividade por parte do profesorado dos centros escolares**

### **ANEXO III**

**Solucións da actividade dirixida a alumnos e alumnas de 3º e 4º de primaria**

**Solucións da actividade dirixida a alumnos e alumnas de 5º e 6º de primaria**

## Exemplar I

### 1,2,3, o Museo en test

#### 1. *Sección de mar*

Que redes se emprega para pescar peixes tales como a faneca?

- O xeito
- A beta
- A raeira

#### 2. *Sección de campo*

Cal destes produtos pensades que son as que máis se plantan nas terras de Galicia?

- O millo
- A pataca
- O millo e a pataca

#### 3. *Sección de oficios*

Que oficio se dedicaba a amañar a vaixela como por exemplo os pratos que estaban rotos?

- Os cantorleiros
- A ferrería
- A carpintería

#### 4. *Sección de música*

Cal dos seguintes instrumentos é un típico instrumento de percusión?

- A pandeireta
- A gaita
- A zanfona

#### 5. *Sección de arquitectura popular*

Se imos ata a sección de arquitectura popular, podemos atoparnos cunha palloza, de onde é típica a palloza?

- Do mar
- Da montaña

- Ningún dos anteriores

#### ***6. Sección de sociedade***

**Para que credes que as casas tiñan obxectos tales como a figura dunha virxe ou a ferradura?**

- Por costume
- Para decorar
- Para protexer as casas

## Exemplar II

### 1,2,3, o Museo en test

#### 1. *Sección de sociedade*

Para que credes que as casas tiñan obxectos tales como a figura dunha virxe ou a ferradura?

- Para decorar
- Para protexer a casa
- Por costume

#### 2. *Sección de arquitectura popular*

Se imos ata a sección de arquitectura popular, podemos atoparnos cunha palloza, de onde é típica a palloza ?

- Da montaña
- Do mar
- Ningún dos anteriores

#### 3. *Sección de música*

Cal dos seguintes instrumentos é un típico instrumento de percusión?

- A zanfona
- A gaita
- A pandeireta

#### 4. *Sección de oficios*

Que oficio se dedicaba a amañar a vaixela como por exemplo os pratos que estaban rotos?

- A ferrería
- A carpintería
- Os cantorleiros

#### 5. *Sección de campo*

Cal destes produtos pensades que son as que máis se plantan nas terras de Galicia?

- A pataca
- O millo
- O millo e a pataca

**6. Sección de mar**

**Que redes se emprega para pescar peixes tales como a faneca?**

- **A beta**
- **A raeira**
- **O xeito**

## Exemplar III

### 1,2,3, o Museo en test

#### 1. *Sección de música*

Cal dos seguintes instrumentos é un típico instrumento de percusión?

- A pandeireta
- A gaita
- Zanfona

#### 2. *Sección de arquitectura popular*

Se imos ata a sección de arquitectura popular, podemos atoparnos cunha palloza, de onde é típica a palloza?

- Do mar
- Da montaña
- Ningún dos anteriores

#### 3. *Sección de sociedade*

Para que credes que as casas tiñan obxectos tales como a figura dunha virxe ou a ferradura?

- Para protexer a casa
- Por costume
- Para decorar

#### 4. *Sección de oficios*

Que oficio se dedicaba a amañar a vaixela como por exemplo os pratos que estaban rotos?

- Os cantorleiros
- A carpintería
- A ferrería

#### 5. *Sección de mar*

Que redes se emprega para pescar peixes tales como a faneca?

- A raeira
- O xeito
- A beta

**6. Sección de campo**

Cal destes produtos pensades que son as que máis se plantan nas terras de Galicia?

- A pataca
- O millo
- O millo e a pataca

## Exemplar I

### 1,2,3, o Museo en test

Olo! Lede con atención porque nunha das preguntas hai dúas respostas que son correctas!!

#### 1. *Sección de mar*

A beta é unha rede co cal podemos pescar un tipo de peixe, como se chama ese peixe?

- A sardiña
- A faneca
- A raia

#### 2. *Sección de campo*

Cal dos seguintes produtos son fundamentais para o agro galego ?

- O centeo
- O millo
- O trigo

#### 3. *Sección de oficios*

Cal dos seguintes oficios se dedicaba a manufacturar o coiro que lles fornecían os curtidores?

- Os albardeiros
- Os cantorleiros
- Os zoqueiros

#### 4. *Sección de indumentaria*

En Galicia realízanse labores de encaixe, en cal das seguintes zonas se asenta maioritariamente a súa comercialización?

- En Muxía
- En Camariñas
- En Noia

#### 5. *Sección de arquitectura popular*

Cando había pouco traballo no campo, os veciños e veciñas reuníase nun lugar característico. Indica en que espazo daba lugar esta reunión.

- No muíño
- Nas feiras
- Nas fornadas

#### 6. *Sección de sociedade*

Que nome lle damos a un grupo de casas asentadas nun lugar?

- Parroquia
- Aldea
- Concello



## Exemplar II

### 1,2,3, o Museo en test

Olo! Lede con atención porque nunha das preguntas hai dúas respostas que son correctas!!

#### 1. *Sección de indumentaria*

En Galicia realízanse labores de encaixe, en cal das seguintes zonas se asenta maioritariamente a súa comercialización?

- En Camariñas
- En Muxía
- En Noia

#### 2. *Sección de arquitectura popular*

Cando había pouco traballo no campo, os veciños e veciñas reuníanse nun lugar característico. Indica en que espazo daba lugar esta reunión.

- Nas feiras
- No muíño
- Nas fornadas

#### 3. *Sección de sociedade*

Que nome lle damos a un grupo de casas asentadas nun lugar?

- Concello
- Aldea
- Parroquia

#### 4. *Sección de campo*

Cal dos seguintes produtos son fundamentais para o agro galego?

- O centeo
- O millo
- O trigo

**5. Sección de oficios**

Cal dos seguintes oficios se dedicaba a manufacturar o coiro que lles fornecían os curtidores?

- Os cantorleiros
- Os zoqueiros
- Os albardeiros

**6. Sección de mar**

A beta é unha rede co cal podemos pescar un tipo de peixe, como se chama ese peixe?

- A raia
- A faneca
- A sardiña

### Exemplar III

#### 1,2,3, o Museo en test

Ollo! Lede con atención porque nunha das preguntas hai dúas respostas que son correctas!!

#### 1. *Sección de sociedade*

Que nome lle damos a un grupo de casas asentadas nun lugar?

- Concello
- Aldea
- Parroquia

#### 2. *Sección de arquitectura popular*

Cando había pouco traballo no campo, os veciños e veciñas reuníanse nun lugar característico. Indica en que espazo daba lugar esta reunión.

- Nas feiras
- No muíño
- Nas fornadas

#### 3. *Sección de indumentaria*

En Galicia realízanse labores de encaixe, en cal das seguintes zonas se asenta maioritariamente a súa comercialización?

- En Camariñas
- En Noia
- En Muxía

#### 4. *Sección de mar*

A beta é unha rede co cal podemos pescar un determinado tipo de peixe, como se chama ese peixe?

- A raia
- A faneca
- A sardiña

### **5. Sección de oficios**

**Cal dos seguintes oficios se dedicaba a manufacturar o coiro que lles fornecían os curtidores?**

- Os cantorleiros
- Os zoqueiros
- Os albardeiros

### **6. Sección de campo**

**Cal dos seguintes produtos son fundamentais para o agro galego?**

- O millo
- O centeo
- O trigo

## Anexo II Avaliación

Dimensión	Indicadores	Descritores	Valoración			
			Moito	Bastante	Pouco	Nada
Competencias	Competencia de observación	Grao no que os rapaces e rapazas son capaces de observar e relacionar o que hai no Museo respecto á actividade que teñen que resolver				
		Grao no que a actividade incrementa a súa actitude de interese e análise con relación ao que aprenden e descubren no Museo				
	Competencia de comunicación e traballo en equipo	A actividade fomenta un diálogo e intercambio de opinións entre os nenos e nenas á hora de ter que resolver ás cuestións que se lles pregunta				
		A actividade xera un bo ambiente e traballo en equipo				
	Coñecemento e achegamento ao medio social que os rodea	Grao no que a actividade é propia para achegar aos rapaces e rapazas á cultura galega				
		A actividade pode considerarse como propia para que os nenos e nenas sexan capaces de relacionar o pasado de Galicia co presente				
	Competencia lingüística	Grao no que os nenos e nenas empregan a lingua galega á hora de ter que realizar a actividade que se lles encomenda				

		Actividade propia que permite que os nenos e nenas poidan enriquecer o seu vocabulario na lingua galega				
		Grao no que os rapaces e rapazas comprenden as preguntas ás que teñen que darlle resposta				
	<b>Competencia de aprender a aprender</b>	A actividade é capaz de despertar a curiosidade dos nenos e nenas pola cultura galega e todo o relacionado co que hai exposto no Museo				
		Grao no que os rapaces e rapazas son capaces de establecer as súas propias teorías e construír a súa aprendizaxe a partir do que observan e aprenden ao longo da súa visita no Museo.				
Dimensión	Descritores	Valoración				
		Moito	Bastante	Pouco	Nada	
Obxectivos	Os obxectivos enténdense e están ben formulados					
	Grao no que os obxectivos se cumpren					
Metodoloxía	A metodoloxía empregada fai que se poidan conseguir os obxectivos da actividade.					
	Grao no que a metodoloxía empregada favorece que os rapaces e rapazas poidan resolver a actividade dunha forma sinxela á vez que permite incrementar o seu coñecemento respecto á cultura galega.					

Despois de observar como foi transcorrendo a actividade, nos gustaría que nos dera a súa opinión respecto aos obxectivos, a metodoloxía, as competencias e as actividades.

### Obxectivos

- Cre que os obxectivos se entenden e están ben formulados?

**Si**

**Non**

.....  
.....  
.....

No caso de que pense que os obxectivos están ben formulados, bota en falta algún outro obxectivo que non se mencionara e cre que debería de estar?

.....  
.....  
.....

- Cre que por medio desta actividade se cumpren os obxectivos que nos propoñemos? No caso en que non estivera de acordo, déanos a súa opinión.

**Si**

**Non**

.....  
.....  
.....

### Metodoloxía

- Pensa que a metodoloxía que se emprega é a apropiada para poder levar a cabo a actividade dunha maneira satisfactoria? No seu caso, empregaría outro tipo de metodoloxía?

**Si**

**Non**

.....  
.....  
.....

## Competencias

- Cre que por medio desta actividade se poden traballar as competencias que se pretenden traballar?

Si

Non

.....  
.....  
.....

### Avaliación do profesorado respecto á actitude do alumnado

- Despois de observar o transcurso da actividade, pensa que os rapaces e rapazas aprenderon á vez que pasaron un momento agradable?

Si

Non

.....  
.....  
.....

- Cre que os rapaces e rapazas comprenderon ben as preguntas ás que lles tiñan que dar resposta?

Si

Non

.....  
.....  
.....



### ANEXO III

➤ Solucións da actividade dirixida a alumnos e alumnas de 3º e 4º de primaria

#### 1,2,3, o Museo en test

1. *Sección de mar*

Que redes se emprega para pescar peixes tales como a faneca?

- A beta

2. *Sección de campo*

Cal destes produtos é típico de Galicia?

- O millo e a pataca

3. *Sección de oficios*

Que oficio se dedicaba a amañar a vaixela como por exemplo os pratos que estaban rotos?

- Os cantorleiros

4. *Sección de música*

Cal dos seguintes instrumentos é un típico instrumento de percusión?

- A gaita

5. *Sección de arquitectura popular*

Se imos ata a sección de arquitectura popular, podemos atoparnos cunha palloza, de onde é típica a palloza?

- Da montaña

6. *Sección de sociedade*

Para que credes que as casas tiñan obxectos tales como a figura dunha virxe ou a ferradura?

- Para protexer as casas

- Solucións da actividade dirixidas a alumnos e alumnas de 5º e 6º de primaria

**1,2,3, o Museo en test**

**1. *Sección de mar***

A beta é unha rede co cal podemos pescar un determinado tipo de peixe, como se chama ese peixe?

- A faneca

**2. *Sección de campo***

Cal dos seguintes produtos son fundamentais para o agro galego?

- O centeo e o millo

**3. *Sección de oficios***

Cal dos seguintes oficios se dedicaba a manufacturar o coiro que lles fornecían os curtidores?

- Os albardeiros

**4. *Sección de indumentaria***

En Galicia realízanse labores de encaixe, en cal das seguintes zonas se asenta maioritariamente a súa comercialización?

- En Camariñas

**5. *Sección de arquitectura popular***

Cando había pouco traballo no campo, os veciños e veciñas reuníanse nun lugar característico. Indica en que espazo daba lugar esta reunión.

- Nas fornadas

**6. *Sección de sociedade***

Que nome lle damos a un grupo de casas asentadas nun lugar?

- Aldea



**Museo do Pobo Galego**